

**O NOVO SISTEMA  
INTERNACIONAL E OS RETOS  
DO HUMANITARISMO:  
A XESTIÓN DA CRISE  
HUMANITARIA E MIGRATORIA  
E DAS NOVAS FORMAS DE  
VIOLENCIA DIRECTA NON  
POLÍTICA**

**Rafael Grasa**

Universitat Autònoma de Barcelona



## **1. A CRISE HUMANITARIA NON É UN FEITO ILLADO, É UNHA CRISE INTERNACIONAL E NON SÓ EUROPEA, QUE AFECTA Á CREDIBILIDADE DA UE**

A actual crise humanitaria e migratoria non se trata dunha simple crise europea ou comunitaria. É unha crise internacional, que debe analizarse, pois, no marco das mudanzas que están en curso no sistema internacional desde a fin da guerra fría.

**1.1. A crise dos refuxiados no Mediterráneo ha de se inserir nun contexto global, que desde hai anos presenta cifras moi esixentes para un sistema de axuda humanitaria internacional que xa hai moito que funciona de xeito precario, insuficiente**

Datos recentes de ACNUR (Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados, 2013, 2016) lémbrennos que o mundo conta actualmente con máis de 60 millóns de desprazados e refuxiados, unha cifra que só pode compararse, e en termos relativos, coas xurdidas logo da Segunda Guerra Mundial. Unha cifra que vai manterse ou mesmo aumentar nos próximos anos.

Tres comparacións «personalizadas» permiten entender a transcendencia do reto e á vez do drama humanitario que a magnitude abstracta e dura da cifra podería agochar. Primeiro, unha de cada 120-122 persoas do mundo é un refuxiado, un desprazado interno ou unha persoa que pediu asilo. Segundo, seis anos despois do inicio da guerra interna en Siria e da súa rexionalización, existen desde hai un par de anos máis desprazados internos e refuxiados sirios ca cidadáns sirios que viven aínda na súa casa. E, terceiro, nos últimos tres anos chegan ao Mediterráneo pedindo acollida ou asilo arredor de case un millón de persoas ao ano e no intento de chegar ás nosas costas morren unha media de 4500 persoas ao ano, polo menos. E a UE recibe unha media de 700 000 peticións de asilo polo menos.

Quixera advertir ao respecto que neste caso o de menos son as cifras concretas, que varían dunha fonte a outra; o crucial son as tendencias, consolidadas e de longo alcance, incluíndo o próximo decenio, polo menos no relativo á emigración de orixe subsahariana, como logo veremos.

A crise afecta, pois, á libre circulación das persoas que pasan fronteiras, un dereito que, de maneira xenérica, non recoñecen a Declaración Universal nin os pactos internacionais posteriores. O que teñen en consideración as lexislacións internacionais vinculantes son só situacións concretas relativas a ese dereito, como, por exemplo, aquelas en que está en risco a vida dun (dereito marítimo, dereito humanitario e de guerra) ou os casos que afectan a persoas que se viron obrigadas a se desprazaren. Estes casos, ou estas condutas asociadas, si que están suxeitos ao dereito internacional e a moitos dereitos internos (dereito de asilo, convención para protexer de torturas e tratos degradantes...).

En suma, desde hai anos enfrontámonos a unha crise de facetas múltiples: *humanitaria e, recentemente, migratoria, que debe entenderse nas mudanzas pos guerra fría das relacións internacionais.*

Adicionalmente, debemos lembrar que o sistema internacional humanitario<sup>1</sup>, que sempre foi fráxil, está desde hai anos nunha situación particularmente precaria. Un estudo recente e importante sinalaba que hai que pór o sistema novamente sobre os seus pés, posto que, pese aos seus éxitos relativos no pasado, o sistema (conformado basicamente por países do norte global, organismos internacionais, a Cruz Vermella/Media Lúa Vermella Internacional e organismos privados especializados) non dá sido eficiente e adoita chegar tarde a satisfacer as demandas imperativas, fronte á axuda liderada polos países afectados. O estudo sinalaba concretamente que, malia a evidencia de que era preciso investir máis en prevención, formación de capacidades e axuda aos sistemas locais (mixtos, é dicir, público-privados), seguía a haber unha media de investimento orientado aos actores locais, entre 2007 e 2013, de arredor do 2 %, insignificante. Os expertos coinciden en soste que hai que mudar radicalmente o sistema, o financiamento e a estrutura, mais, por riba de todo, o liderado e a coordinación, que deben pasar aos actores locais en cada crise de forma eficaz e garantida. Pese á urxencia, sinalada antes da crise migratoria, pouco se moveu. É urxente e, porén, non semella doado que vaia pasar algo.

---

<sup>1</sup> Gingerich, Tara R. / Marc J. Cohen (2015): *Turning the Humanitarian System on its Head*, Oxfam America, July (<https://www.oxfam.org/en/research/turning-humanitarian-system-its-head>).

Hai que lembrar tamén que as cifras de axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) quedaron fortemente afectadas pola crise económica iniciada coa creba das *subprime* en xullo de 2007, cunha redución especialmente significativa no continente europeo, como amosan de forma significativa os casos español, catalán ou galego.

A situación paradoxal é que, cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable aprobados en 2015, cunha Axenda 2030 esixente e universal para todos os países que marca fitos que lograr nun prazo de 15 anos, a crise financeira e de obxectivos do sistema de axuda ao desenvolvemento vese agora acompañada dunha crise estrutural e do sistema de axuda humanitario.

**1.2. A crise dos refuxiados é unha crise internacional e europea de longo alcance, non unha emerxencia conxuntural ou que aparece de improviso. Había e hai suficiente información, coñecemento e razóns obxectivas para aceptar que se trata dunha crise humanitaria de grandes proporcións, esperable e que non se disolverá a curto e a medio prazo coma unha pedra de azucre. En suma, sabemos sen dúbida ningunha que debería aplicarse a normativa existente (dereito de asilo e disposicións europeas e nacionais que protexen de tratos degradantes) e, sobre todo, innovarse**

Insisto, non se sostén de xeito ningún cos feitos falar de emerxencia conxuntural e imprevisible, nin sequera comparar a crise actual con crises anteriores, considerala unha versión corrixida e aumentada de episodios previos de chegada de migrantes ou refuxiados á UE, fenómenos en que o factor fundamental fora a busca de traballo, un factor que, con todo, segue presente na actual crise, como amosa a presenza de persoas de Senegal ou de Gambia. Tampouco é comparable, pola súa magnitude, e pola procedencia mixta (véxase o punto seguinte), ás chegadas de emigrantes e refuxiados derivadas das guerras dos Balcáns, iniciadas a principios do decenio dos 90 do século xx.

A crise actual caracterízase polos seguintes trazos:

a. por estar vencellada a situacións de conflito e de inestabilidade de cinco ou seis anos de duración (ou máis en certos casos) no Oriente Próximo e o Oriente

Medio (primaveras árabes, guerra en Siria, Iraq, guerra no Iemen), Asia (Afganistán, Bangladesh) e África (Licia, Eritrea, os Sudáns, Somalia);

b. por ter raíces europeas desde 2011, coas chegadas masivas de migrantes produto das primaveras árabes á illa de Lampedusa, a 70 quilómetros da Tunisia;

c. por ter vencellos con actores ilegais, que se aproveitan das necesidades dos refuxiados (é dicir, delincuentes transnacionais, mafias, grupos terroristas que se lexitiman mediante lecturas do Islam relixioso ou político fundamentalistas, todos eles con crecentes vinculacións entre si);

d. por vencellar, de forma difícil de separar claramente, migrantes por razóns económicas e persoas que procuran refuxio ou asilo político;

e. por se incrementar notoriamente desde o ano 2015, e

f. por estar a xerar unha crise política e institucional, e unha incipiente crise de valores e de finalidades, na Unión Europea.

Facticamente, a crise amosa unha mudanza radical das tendencias migratorias en Europa, dinámica, non acabada aínda. O fenómeno iniciouse en 2011, cando milleiros de tunisianos tentaron chegar ilegalmente a Lampedusa, e no 2012, con milleiros de subsaharianos que chegaron a Libia para intentar o último «salto», como volve pasar agora. En xeral, o groso dos movementos proceden de Siria, Afganistán e Eritrea.

Concretamente, a procedencia dos refuxiados está moi concentrada, como tendencia. Entre o 85 % e o 87 % proceden de 10 países, aproximadamente repartidos así: 51 %, Siria; 14 %, Afganistán; 8 %, Eritrea; 4 %, Nixeria; 3 %, Iraq; 2 %, Somalia; 2 %, Sudán; 1 %, Gambia; 1 %, Bangladesh; 1 %, Senegal.

Esta drástica mutación das tendencias, cuantitativas e cualitativas, ten un impacto claro nas demandas de acceso á UE e de protección internacional, as cales, segundo datos da Comisión, desde 2014 superan de media as 700 000 ao ano, a demanda máis alta desde 1992, cando estourou a crise e logo as guerras dos Balcáns.

Canto ás rutas, deixareinas de lado, mais os gráficos amosan mudanzas importantes; abonde con este:

Principais rutas migratorias

**Routes to a better life**

Main migration routes into Europe from Africa and the Middle East.



Parece obvio o que se mostra; os lugares elixidos para chegar son as fronteiras orientais e meridionais de Europa, con especial fincapé nas illas gregas e Italia. Recentemente, o punto crucial é o paso central do Mediterráneo, o que pon a Italia no medio da crise, para as persoas que veñen de Siria, Iraq, Eritrea, Exipto e Somalia. Isto supón unha mudanza clave con respecto ao que pasaba no 2012,

cando máis do 50 % das chegadas, segundo datos de Frontex, se daban en Grecia, que segue a ser un punto destacado de chegada.

Non obstante, convén lembrar que os fluxos de refuxiados non chegan nin exclusiva nin soamente ás fronteiras da UE: Turquía recibiu máis de dous millóns, o Líbano máis de 1,5 millóns, Xordania máis dun millón e centenaes de miles chegaron a Exipto e Iraq. E ningún deses países, excepto Turquía tras o emba-razoso e vergonzoso acordo coa UE, recibiron axuda por isto, malia que neste momento case un 30 % da poboación libanesa sexan actualmente refuxiados. Especialmente grave é o caso dos países do golfo Pérsico, onde Arabia Saudita, Kuwait, os Emiratos Árabes e Qatar, pese ao seu papel nalgúns conflitos de xeito directo ou indirecto, non reciben refuxiados e nalgúns casos retiraron o permiso de residencia a cidadáns sirios que tiñan anos de presenza. Non houbo a suficiente presión da UE e dos EUA para eses países mudaren as súas políticas de acollida.

A conclusión resulta obvia e cada vez máis clara para a opinión pública: a presión da crise humanitaria está mal repartida, de certo, mais tampouco é a UE a que tivo e ten o impacto maior. Catro países da subrexión acollen xa case cinco millóns de refuxiados, polo que o limiar de saturación, sen os países do golfo, semella próximo. Alén diso, algúns países, nomeadamente Turquía, negan ou dificultan o permiso de traballo, recoñecido na convención sobre persoas refuxiadas.

Se a situación perdura, Europa e os países do golfo deberán incrementar a acollida, non só a nominal (UE), senón a real, asegurando estadías relativamente longas mentres non se solucionen as causas estruturais, vencelladas á conflictividade armada, factor clave, aínda que non único, nos desprazamentos forzados de poboación.

### **1.3. A crise dos refuxiados é unha crise política da UE, que socava a súa credibilidade ante os seus cidadáns e ante o mundo**

Como se dixo, o crecente número de migrantes e de persoas que solicitan asilo escapando de conflitos no Oriente Próximo e África presenta retos moi cruciais aos decisores da UE, nun contexto no que o nulo ou baixo crecemento económico, o auxe da extrema dereita e a xenofobia e a persistencia de políticas estatais fracturadas e enfrontadas dificultan a toma de decisións de forma obxectiva.



Un informe da Organización Internacional para as Migracións de 2014<sup>2</sup> consideraba Europa o destino máis perigoso para a migración irregular e o Mediterráneo o lugar máis perigoso do mundo para tentar cruzar fronteiras. Dito doutro xeito, constatábase unha gran contradición entre a percepción xeneralizada entre os migrantes de que a UE, certos países en particular, son un espazo de prosperidade, seguridade e riqueza, e, xa que logo, un lugar axeitado para buscar refuxio ou asilo, e a realidade: ata agora, a resposta colectiva das institucións da UE e dos Estados membros foi serodia, insuficiente, *ad hoc* e reactiva. A razón, para os analistas independentes, parece clara: a ausencia de políticas e estándares compartidos, e tamén que se priorizaron as políticas orientadas a protexer/asegurar as fronteiras da UE antes ca as que derivarían de primar a obriga legal e moral de protexer os dereitos dos refuxiados e migrantes.

A favor da UE pódese dicir que, de certo, non é doado distinguir nunha crise á vez humanitaria e migratoria entre persoas que buscan refuxio ou asilo político, que teñen dereitos internacionais recoñecidos e que a UE debería protexer, e persoas que buscan simplemente mellorar a súa situación económica, onde as decisións legalmente dependen do que acordasen as institucións comunitarias e os Estados membros. De certo, como acontece sempre, existen zonas grises, indefinidas, alegais mesmo. Non obstante, diversos estudos deixaron claro que entre os 28 Estados membros actuais se usan estándares e métodos de decisión sobre a concesión do dereito de asilo claramente incoherentes<sup>3</sup>, o cal agrava a percepción de estar fronte a unha crise política e de toma de decisións da UE. Alén diso, cada vez máis cidadáns de moitos países da UE manifestan a súa vontade particular de acolleren e critican a falla de coherencia, a inacción e as decisións tacticistas, así como o incumprimento das escasas decisións. En suma, creceu, malia que con certa polarización, o apoio a políticas de acollida sen restricións, dada a urxencia extrema, unha actitude que impregnou a práctica de moitas autoridades gobernamamentais non centrais (ciudades, rexións, en terminoloxía da UE) e da sociedade civil.

Discútese sobre o efecto de chamada, mais parece claro que é selectivo e nel inflúen noticias e percepcións, por veces erróneas, verbo de en que sitios hai menor rexeitamento ou maiores probabilidades de traballo, o cal explica a atracción

<sup>2</sup> [http://publications.iom.int/bookstore/free/FatalJourneys\\_CountingtheUncounted.pdf](http://publications.iom.int/bookstore/free/FatalJourneys_CountingtheUncounted.pdf).

<sup>3</sup> Véxase <http://www.unhcr.org/4bac9ae19.html>.

por Alemaña. Que existan posicións diferentes, cotas diferentes, realidades diferentes para solicitar o reagrupamento familiar ou para se cumpriren os procedementos administrativos para cada trámite... parece influír moito. Algo que unha maior coherencia nos estándares dos Estados membros evitaría.

Todo isto permite suxerir unhas teses conclusivas:

1. *A UE enfróntase non só a unha crise humanitaria, e parcialmente migratoria, senón tamén a unha importante crise política e institucional, con consecuencias graves a medio e longo prazo.*

2. *A crise está a socavar a percepción da UE como espazo de seguridade e de benestar, e como actor internacional tradicionalmente defensor de políticas avanzadas en materia de dereitos humanos, cooperación ao desenvolvemento ou construción da paz, algo que xa percibe parte da cidadanía europea e tamén a doutros países.*

3. *O socavamento da percepción positiva da UE afecta á súa lexitimidade, posto que a súa xénese e historia adoitan presentarse como un proceso que institucionaliza a resolución pacífica de conflitos e a creación dunha comunidade de seguridade, unha idea que exporta ao mundo, que inspira a súa acción exterior, mais que, agora, resulta contraditoria coa súa maneira de afrontar a crise humanitaria, cun sistema decisional progresivamente ineficiente en grao sumo. Lembremos que xustamente as razóns para a concesión do Nobel da Paz á UE foron as que acabo de expresar.*

4. *A solución pasa por combinar accións e políticas que se orienten ás diversas causas: estruturais e de longo alcance; multiplicadores e aceleradores e detonantes.*

*Dito doutro xeito, non hai solución posible sen prestar atención non só aos síntomas e problemas inmediatos, senón tamén ás causas de fondo. Volveremos sobre isto nas conclusións.*

Ocuparémonos agora de por que o sistema internacional, o seu xeito de funcionar, dificulta obxectivamente a resolución dos problemas e, en concreto, de como mudou na pos guerra fría.

## 2. O NOVO SISTEMA INTERNACIONAL DE POSGUERRA FRÍA: MUDANZAS EN CURSO E O PROBLEMA DA XESTIÓN DA VIOLENCIA DIRECTA NON POLÍTICA

O mundo cambiou fortemente nos últimos decenios e esa mudanza reflíctese na esfera internacional de forma clara, vinte e cinco anos despois da fin da guerra fría.

### 2.1. A pos guerra fría e o seu impacto na axenda global, na seguridade e na conflictividade violenta

De feito, a mudanza do sistema internacional non concluíu e diferentes acontecementos, entre eles a crise económica e financeira iniciada no 2007, estana a acelerar. As ditas mudanzas xeran novos contextos e novos retos no sistema internacional, ao se transformaren a axenda, os actores e as interaccións de conflito e de cooperación que se dan nas relacións internacionais e influír, pola súa vez, as ditas mudanzas na esfera das políticas internas. Asistimos á progresiva substitución dun sistema internacional clásico, con fronteiras e regras de funcionamento bastante precisas, por un sistema social globalizado, no que se producen fenómenos parcialmente contraditorios á vez: globalización, rexionalización, fragmentación e localización. E, naturalmente, eses contextos e retos afectan á esfera da seguridade na que debemos inserir o debate actual sobre os retos da axenda teórica e práctica da construción da paz e, no noso proxecto, a súa eventual aplicación con enfoque de seguridade humana aos problemas de seguridade interna.

Podemos resumir os eixes básicos desa mudanza, para os efectos deste texto, así:

#### *Grandes mudanzas do sistema internacional na pos guerra fría*

- a) no centro do sistema atópanse agora os factores económicos, xa non os políticos;
- b) a concepción do poder transformouse, así como a súa distribución e difusión, a nivel de Estados, rexións e actores transnacionais e non gobernamentais;
- c) os países emerxentes, e en xeral o Sur, están a gañar unha crecente centralidade, cuantitativa e cualitativa;

d) o desenvolvemento, entendido xa de forma plural e non só como crecemento económico, está no centro das preocupacións do sistema, máis ca antes, canda os novos rostros da pobreza e a desigualdade, e

e) xurdiu unha nova concepción da seguridade —entendida como proceso multidimensional, orientada tamén ás persoas e non só ás nacións—, que debe prestar atención a novos riscos e perigos, como as novas formas ou rostros da violencia. Adoita aludirse a ela, como veremos, coa denominación de seguridade humana.

Adicionalmente, mudaron a concepción e a práctica do poder, así como a súa difusión e as relacións de poder entre os actores. Por unha banda, o poder fundamental procede agora do que se chamou «poder estrutural» (a capacidade de conformar as regras do xogo) e «poder suave» (a capacidade de persuadir, de convencer), cunha clara erosión do poder «duro» (militar). Dito doutro xeito, o poder non depende só, ou non tanto, do que tes (poder como recursos), senón das túas relacións (poder relacional), da túa capacidade de conformar o sistema (poder estrutural) e da túa capacidade de ofrecer insumos e relacións atractivas, de interese mutuo, para outros actores (poder «suave»).

Por outra, estanse a alterar as estruturas do poder internacional mediante a combinación de tres fenómenos, interrelacionados: 1) a debilitación progresiva, polo menos en termos relativos, das grandes potencias do Norte; 2) a crecente centralidade de potencias emerxentes (BRICS, por exemplo), con sistemas febles de articulación entre elas, e a formulación rexional e subrexional das potencias rexionais e de países con alto potencial de crecemento, e 3) a presenza de diferentes liderados (potencias hexemónicas e aspirantes) nas diferentes dimensións da vida internacional (política, militar, económica, financeira, tecnolóxica...).

Esas mudanzas da estrutura do poder internacional poden describirse, en tanto que tendencia forte, como unha «desoccidentalización» do mundo, cunha presenza crecente —non só económica— do Sur e do Oriente, un transvasamento do eixe de gravitación da actividade económica e do poder mundial do Atlántico ao Pacífico. Existen, no entanto, dúbidas verbo de se o futuro leva cara a unha situación de repartimento do poder crecentemente multipolar, a un «G-2» (cos EUA e a China á fronte) ou mesmo a un «G-0», unha orde na que ningún Estado ou organismo multilateral queira ou poida gobernar o sistema.

As mudanzas afectan particularmente aos dous bens públicos básicos dos que deben prover os Estados, o benestar ou desenvolvemento e a seguridade, nomeadamente física da cidadanía. Non nos ocuparemos neste contexto das mudanzas relativas ao desenvolvemento, entendido como proceso multidimensional orientado a satisfacer necesidades humanas mediante actores privados e públicos, que segue a ocupar unha posición central no sistema, concibido como un dereito humano. Si, porén, dos que teñen que ver coa seguridade e a xestión da conflitividade violenta.

### *A nova concepción da seguridade*

Respecto da seguridade, xurdiu unha nova concepción dela, entendida como proceso multidimensional que afecta a actores múltiples e non só aos Estados, con especial incidencia sobre persoas e comunidades, e que esixe instrumentos e actores múltiples.

### *Trazos da nova concepción da seguridade*

Esta nova concepción pódese caracterizar rapidamente mediante diversos trazos distintivos.

Primeiro, debe atender sobre todo a ameazas, retos e perigos que afectan ás persoas, unha vez que diminuíron os conflitos armados e a violencia mortal con intencionalidade política<sup>4</sup>. Xurdiron, adicionalmente, novas facetas ou manifestacións da violencia. Por unha banda, a violencia homicida sen intencionalidade política directa. Por exemplo, segundo datos do informe *Global Burden of Armed Violence*<sup>5</sup>, as mortes por arma de fogo supoñen unha media de 500 000 baixas ao ano. Un oitenta por cento delas non se deben a violencia intencionalmente política (é dicir, a conflitos armados de diferente tipo e a terrorismo), senón a outras

<sup>4</sup> Para consultar unha análise máis polo miúdo, véxase Grasa, Rafael (2007): «Los vínculos entre seguridad, paz y desarrollo: la evolución de la seguridad humana», *Afers Internacionais*, 76, 9-46 (monográfico sobre seguridade humana coordinado por Rafael Grasa e Pol Morillas).

<sup>5</sup> Geneva Declaration, *Global Burden of Armed Violence 2011*. Véxase <http://www.genevadeclaration.org/measurability/global-burden-of-armed-violence.html>. En 2014 e 2015 a porcentaxe de mortes en conflito armado subiu por mor do caso da Siria, mais isto non afecta á tendencia sinalada.

razóns (delincuencia nacional e transnacional organizada, inseguridade cidadá, narcotráfico, bandas xuvenís...). Mesmo en países que solucionaron os seus conflitos armados internos mediante negociacións políticas ou procesos de paz hai xa décadas, o reto que supoñen estes novos rostros da violencia é moi importante, como sucede na América Central.

Segundo, debe facer fronte á proliferación do que se chamou «violencia crónica», un fenómeno que describe o feito de a poboación, nalgúns países, se atopar enfrascada nunha espiral crecente de violencia social, que afecta ás relacións sociais, o desempeño da democracia e a práctica cidadá na rexión. Estudos recentes amosan os mecanismos polos que unha gama de forzas profundamente enraizadas estimulan e reproducen a violencia crónica e destrúen ou erosionan o tecido social de comunidades e países vulnerables, ata o punto de se correr o risco de que tales tendencias poidan devir en normas sociais de facto, tendo en conta que a miúdo se dan casos en que tres xeracións de persoas non coñeceron outro contexto vital ca esa violencia crónica.

Terceiro, producíronse mudanzas na natureza e na situación dos conflitos armados no mundo, cunha clara diminución dos conflitos armados interestatais fronte aos internos, se ben unha porcentaxe significativa destes últimos se internacionalizan. Podemos resumir esas mudanzas así: por unha banda, malia todos os conflitos armados seren multicausais, en todos eles pode singularizarse, polo menos en cada etapa, un factor predominante, territorial ou político. E na pos guerra fría obsérvanse unha maior presenza de factores políticos e un descenso dos factores territoriais. Por outra banda, a situación xeográfica dos conflitos armados, variada e oscilatoria, mudou. Ata 1990 destaca a continuada presenza en alto grao na Asia e a escasa presenza, en tanto que conflito armado, na Europa. Na pos guerra fría, o característico é a reaparición do continente europeo como escenario importante de conflictividade armada e a redistribución no Sur, nomeadamente o seu incremento en África e Asia e o seu descenso nido e claro na América Latina.

En suma, a pos guerra fría acentuou algo que xa era visible desde os anos 70: a existencia de dúas zonas diferenciadas, unha de paz e outra de turbulencia. Unha zona de paz, nidia, formada por uns cincuenta ou sesenta países, que non tiveron guerra ningunha desde 1945 e que parece altamente improbable que a teñan no futuro (deixando de lado a zona fronteiriza a Rusia, en particular Ucraína). A razón é simple: son países que presentan sistemas democráticos consolidados e for-

te vinculación económica entre eles, tanto que probablemente, se non recorren á guerra a pesar de teren diverxencias moi fortes, é porque mesmo o vencedor saíría perdendo dada a interpenetración existente.

Mais tamén unha zona de turbulencia ou conflictividade violenta alta, a zona do Sur, na cal adoitan darse tres características, sen se establecer necesariamente relación de causalidade: 1) sistemas democráticos dubidosos, o que algúns politólogos denominan «democracias incertas» ou «anocracias»; é dicir, países con grandes carencias democráticas mesmo no sentido máis formal da palabra *democracia*; 2) economías enormemente fráxiles, e 3) poboación cunha forte compoñente de fractura étnico-cultural. África, pese á mellora, segue a estar, globalmente, na zona de turbulencia. Podemos dicir, pois, que a conflictividade armada da pos guerra fría se dá, en pequena escala, no Norte e no Sur (xeralmente Sur-Sur). A isto hai que lle engadir algúns conflitos onde o factor transnacional, moi ligado á dimensión económica, resulta crucial, como sucede no caso paradigmático da República Democrática do Congo.

Por último, na pos guerra fría acentuouse de forma moi importante unha tendencia que existía xa desde mediados dos anos setenta nos conflitos armados, perceptible tanto na súa situación xeográfica e fronteiriza como no número de vítimas que causaban: descenso dos conflitos interestatais e incremento dos internos. A primeira década da pos guerra fría agudizou a dita tendencia, ata o punto de que entre un 90 % e un 95 % dos conflitos armados, segundo o rexistro que se use, son de tipo interno. Todo isto marcou a reflexión teórica e deu pé a que se cuñasen diversas denominacións para o fenómeno, como, sen pretensión de exhaustividade, as seguintes: a época das «guerras pequenas» (Singer, Zartman, Bloomfield), as «guerras de terceiro tipo ou de guerrillas» (Rice), as «guerras non clausewitzianas ou non trinitarias» (Kaldor, Holsti) ou as «novas guerras».

E, en cuarto lugar, produciuse unha importante presenza de actores privados de seguridade, derivada de diversos fenómenos que se atopan en curso. Entre eles, citaremos os seguintes: a) a perda parcial do monopolio dos medios masivos de violencia por parte do Estado, pola man de actores privados, en boa medida ilícitos (grupos terroristas, narcotraficantes e grupos de delincuencia organizada etcétera); b) o crecente recurso legal a actores privados de seguridade (empresas privadas, mercenarios), e c) a presenza en moitos conflitos armados de grupos armados non estatais.

En resumo, e en quinto lugar, todo isto conflúe nunha mudanza da concepción da seguridade, que agora se entende como un proceso multidimensional (con dimensións ecolóxica, sociopolítica e económica, e non só militar), centrado en retos, perigos e ameazas de natureza moi diversa, que afectan non só aos Estados, senón, en particular, a comunidades, formas de vida e persoas. A miúdo a comunidade internacional e o mundo académico refírense a isto empregando nocións como «seguridade humana» e «responsabilidade de protexer», e conceptos que explican como, en determinadas situacións, certas ameazas ou retos non directamente vinculados coa seguridade se acaban «securitizando». En suma, estamos nunha época caracterizada por conflitos complexos e onde as interpretacións simplistas, maniqueas ou en branco e negro resultan imposibles.

Nestes 25 anos de pos guerra fría, os conflitos armados e as manifestacións da violencia evolucionaron moito, de maneira que actualmente son de natureza moi heteroxénea, con tendencia, en moitos casos e zonas, a estaren vencellados a diferentes causas, e, alén diso, non só afectan a Estados, senón tamén a persoas.